

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 31 de xullo de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 31/07/2019
- II. Asistentes á CGIC do 31/07/2019
- III. R1-DE03P1 Informe de Revisión pola Dirección 2017-2018

Ábrese a sesión ás 12 horas e 35 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátase o único punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE03P1 Informe de Revisión pola Dirección 2017-2018.

A Directora explica en que consiste o Informe de Revisión pola Dirección (IRPD), lembra que o documento foi enviado con anterioridade a tolos os membros da comisión, e aclara que a súa elaboración alongouse máis do habitual ao tratarse do primeiro para o actual equipo directivo. Comenta que a súa aprobación é necesaria para o procedemento de seguimento interno da UVigo para a re-certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro, que xa está en marcha.

A continuación pasa a explicar os aspectos máis salientables do informe.

- **Aspectos introductorios.** No informe non se recolle ningún dato referido ao Máster Universitario en Xeoinformática, xa que esta titulación se atopa en proceso de extinción, por re-verificación da titulación actual, polo que non procede a realización da análise correspondente á devandita titulación.

- **Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.** Comenta os criterios de análise e, sobre todo, os puntos febles atopados e as accións de mellora propostas.
- **Grao en Enxeñaría da Enerxía.** Comenta algúns datos e salienta os datos incorrectos atopados no portal de transparencia. Explica con máis detalle o análise dos datos e, sobre todo, nos puntos febles atopados e nas accións de mellora propostas.

Aclara que no *Criterio 6. Resultados de aprendizaxe* hai unha frase marcada en vermello; isto é debido a que se pediron a Área de Calidade os datos dos indicadores I011-DO a I015-DO (taxas de rendemento, abandono...) na Universidade e no ámbito de enxeñaría e arquitectura para tomalos como referencia no análise, pero aínda non se recibiron.

- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.** Céntrase nas diferencias co GEE:
 - a taxa de ocupación é moi baixa (e moi mala)
 - os datos do profesorado non se axustan ao profesorado do grao posto que no portal de transparencia non se consideran docentes deste grao aos que imparten as materias comúns aos dous graos do centro.

Comenta tamén o problema atopado nas porcentaxes de participación nas Enquisas de Avaliación Docente. Finalmente, explica os criterios de análise e, sobre todo, os puntos febles atopados e as accións de mellora propostas.

- **Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.** Indica que o curso analizado xa pasou a acreditación e a meirande parte da información é a mesma e a análise non varía substancialmente.
- **Anexos.** Comenta o contido das fichas recollidas nos anexos.
- **Conclusións.** Aclara que documento enviado previamente contiña unha versión provisional das conclusións; amosa e explica a versión definitiva. Comenta con detalle o apartado conclusións relevantes e os acordos finais.

Finalmente agradece a colaboración das persoas que participaron nas distintas fases do informe, tanto na recollida de datos como na realización do análise (Dominica Cano, Raquel Gandón, M. Carmen Romo e o equipo directivo), e abre unha quenda de intervencións.

Luisa Álvarez comenta que o grao de interese sobre as titulacións ten relación co sentir da sociedade. Pode faltar que, como colectivo, se faga unha defensa da profesión, da necesidade da minería e engade que incluso lle parece que hai alumnado do GERME que se sitúa en contra dalgúns proxectos mineiros. A Directora respóndelle que o centro non pode nin debe situarse a favor ou en contra dun proxecto mineiro específico. A responsabilidade da Escola, como centro público universitario, é garantir unha formación axeitada ao persoal técnico que tomará decisións no ámbito da industria mineira no futuro.

Teresa Rivas comenta que lle parece moi ben a idea de acadar becas e premios dos colexios profesionais e engade que tal vez poderíase tentar estendelo a empresas fortes (tipo cátedra Fenosa) para captar máis alumnado. A Directora precisa que a Cámara Mineira de Galicia xa colabora nalgúns premios, pero que é moi boa idea ampliar esta posibilidade a outras empresas e entidades.

A Directora pide a aprobación do informe coa autorización ao equipo directivo para terminar de pulir a redacción dalgúns parágrafos, corrixir as frases que comentou que están pendentes de recibir información e componden todas as seccións nun único documento.

Apróbase por asentimento o Informe de Revisión pola Dirección 2017-2018, que se adxunta como Anexo III a este documento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xullo de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 31/07/2019



Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **EXTRAORDINARIA** que terá lugar o día 31 de xullo de 2019 na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 en segunda, para tratar o seguinte punto da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE03P1 Informe de Revisión pola Dirección 2017-2018.

Vigo, 26 de xullo de 2019

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 31/07/2019



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 31 de xullo de 2019	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidad
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Escusan a súa asistencia	
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
Diego López González	Representante da Sociedade
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro



ANEXO III

R1-DE03P1 Informe de Revisión pola Dirección 2017-2018